


Anamarciana no planeta vermello



Título:
Autor:
Ilustrador:
Editorial:
Colección:
Nº páxinas:
ISBN:
Idade:

Anamarciana no Planeta Vermello
Alberto Varela Ferreiro
Alberto Varela Ferreiro
Xerais
Merlín
54
84-9782-279-X
De 7 anos en diante



o autor e ilustrador

Alberto Varela Ferreiro

É de Carballo.

Realizou estudos de Arquitectura e Belas Artes.

Traballa como deseñador gráfico.

Desde sempre está interesado no debuxo e participou en revistas de banda deseñada coma *Golfiño*.

Entre os premios que recibiu está o Primeiro Premio do concurso de cómic da Universidade Politécnica de Catalunya, premio «Continuará» da Facultade Sant Jordi e o premio «Curuxa» do Museo de Humor de Fene.

É o autor da serie «Anamarciana», que conta con tres títulos: *Anamarciana*, *Anamarciana: Vacacións en Europa* e *Anamarciana no Planeta Vermello*.

o libro


Marte é o Deus da guerra segundo a mitoloxía romana, pero tamén é o Planeta Vermello porque desde a Terra recoñécese no ceo nocturno como un punto vermello brillante.

Hai moitos millóns de anos terrícolas Marte era un planeta estupendo para vivir, cheo de mares e praias. Alí vivían os avós de Anamarciana, Estrela e Ramónmarciano, pero a contaminación fixo que se convertese nun deserto vermello e que os marcianos tivesen que emigrar.

Anamarciana coñece Marte grazas ao seu avó, que a leva de excursión no pote fotónico, conducido polo robot Ambrosio IV.

Este libro é a terceira entrega da serie «Anamarciana».

temas e valores




Astronomía

Planetas, galaxias, nebulosas... Unha historia situada no espazo.




Protagonista feminina

Anamarciana é o personaxe principal desta serie.



Anticipación científica

A narración pode situarse dentro deste xénero.



As series

Están formadas por libros que funcionan como elos dunha cadea que nos conducen duns aos outros.

actividades

- Podemos realizar as actividades anteriores á lectura, preguntándonos que historia pode haber detrás deste título, da ilustración da capa ou do texto que aparece na contraportada. Ao tempo, iremos poñendo en común o que sabemos acerca de Marte, deste autor, da colección...
- Facemos unha primeira lectura e preguntámonos que foi o que nos chamou a atención. Comentámolo.
- A continuación iremos deténdonos neses puntos que espertaron o noso interese.

Imos traballar coa astronomía

- Observamos que aparece ao respecto no libro, que palabras do vocabulario propio desta ciencia, que formas e cores...
- Buscamos as diferenzas entre universo, galaxia, planeta, Sistema Solar, asteroides, cometa...
- Contestamos:
 - ¿Cales son os planetas do sistema solar?
- Realizaremos un móbil cos planetas do sistema solar.
- Observaremos o ceo, pola noite, intentando recoñecer algo (satélites, planetas, constelacións...).

A duración dos días e dos anos

- ¿Que quere dicir que o día en Marte dure corenta minutos máis ca na Terra?
- ¿Como será o tamaño de Marte en comparación co da Terra?
- ¿Que significa que o ano marciano dure 687 días?
- ¿Por que o ano terrestre é de 365 días?
- ¿Por que os nosos días duran vinte e catro horas?

Agora deterémonos na contaminación

- Falamos sobre a contaminación: que sabemos dela, de como se contamina, como se podería evitar, que contaminación producimos nós directamente, lugares que coñecemos e que consideramos contaminados...
- Buscamos libros nos que se trate o tema da contaminación para informarnos de algo máis.
- Localizamos información ao respecto por medio de internet.

actividades

Logo trataremos a mitoloxía

- Marte é o deus da guerra para os romanos. De aí tamén sae martes, o día da semana. ¿Haberá algún outro día que tamén ten a súa orixe nun deus?
- Busquemos algunha imaxe do deus Marte.
- Informémonos sobre a historia do deus Marte.
- Podemos investigar a orixe dos outros días da semana.
- Tamén podemos indagar sobre outros deuses romanos.

Ilustracións

- ¿Que elementos das ilustracións ou do texto nos parecen típicos de Galicia? ¿Cales engadirías ti?
- Realicemos un marcador de lectura apropiado para este libro.

Varios

- ¿Que nomes inventou o autor pensando no universo? ¿Cales outros crearíamos nós?
- ¿En que se nota que estamos ante un relato de ficción científica?
- Busquemos a palabra «marciano» no dicionario.
- Fixémonos nas palabras «superordenador» e «extravehicular». Expliquemos o que significan e como están formadas. ¿Que pasará con «aerodinámico»?
- Continuemos a serie:

Na terra aterramos

Na lúa aluamos

En Marte...

Na auga...

- Repasemos xeografía dicindo todo o que sabemos de...

Hemisferio(s) norte e sur

Casquetes polares

Polo sur

Monte Olimpo

Everest

Vigo

actividades

Moscú
A Coruña
Madrid
Atmosfera

- Localicemos algunha imaxe que represente eses lugares.
- Emigración. Busquemos as causas polas que a xente se vai do seu lugar de orixe a traballar a outro sitio.
- A temperatura en Marte está entre 27 e -133. ¿Cal será a temperatura na Terra?
- «Un precioso planeta do noso universo multicolor.» Isto, así como o feito de que a protagonista sexa unha nena, danos pé para tratar o contido transversal de educación para a igualdade e a aceptación da diferenza. A valoración do distinto pode facilitar-nos o achegamento ao contido de educación para a diversidade. Observar os compañeiros de Anamarciana: ningún deles igual ao outro; fainos pensar no *precioso universo multicolor*.
- A vaca ten unha estrela na fronte. Isto pode lembrarnos aqueles versos dun poeta galego: «¡Ai dos que levan na fronte unha estrela!, ¡ai dos que levan no bico un cantar!». Podemos buscar ese poema para lelo entre todos.
- Hai tormentas de varios tipos: tormentas de po, tormentas de area, tormentas... Ampliemos a listaxe e expliquemos en que consiste cada unha delas. Debuxémolas.
- Busquemos palabras que poidamos relacionar co léxico xeográfico como «desfiladeros», «volcán», «xeo», «mares»...
- Vexamos como formar palabras: gas, gasoso, gasosa...
- Os viaxeiros fan unha foto de familia. Busquemos unha foto da nosa familia e realicemos unha exposición con todas as da clase. Cada un fará a presentación da propia, explicando quen é quen, o lugar e o día no que se fixo a fotografía, etc.
- Gastronomía galáctica. Cada país ten as súas comidas típicas. ¿Cal é a que gañou o concurso de San Cosmos? Falemos de cales son as que máis nos gustan a nós e escribamos a receita.
- Debuxemos a San Cosmos.
- ¿Como serán os planetas Tuttifruiti? Imaxinémoslos e representémoslos mediante colaxes.
- Escribamos todas as palabras posibles coas letras de:

ANAMARCIANA: ANA – MARCIANA – AMA – CANA...
TERRÍCOLAS
CONTAMINACIÓN
AERODINÁMICOS
GASTRONÓMICOS
ASTEROIDES
SUPERORDENADOR

actividades

HEMISFERIO
DIÁMETRO
QUILÓMETROS
PROFUNDIDADE
ASPIRADORA
MULTICOLOR

- Xogamos a encadear uns nomes con outros:

ANAMARCIANA – NAVE – VELEIRO – ROMA...

- Elixamos as respostas correctas:

—Martes chámase así porque está dedicado a Marte, o deus da guerra dos romanos.
—O planeta azul é a Terra.
—Marte é un planeta do Sistema Solar.
—Un dos planetas do Sistema Solar é a Terra.
—A Marte tamén se lle chama o planeta Vermello.
—A Lúa é un satélite da Terra.

- Ordenar as palabras nestas frases que aparecen desordenadas:

avoá cociña A ben miña moi
de formas asteroides e tamaños Hai todas
perfecto óso para Un enterrar sitio un
planeta do despedida unha Foi vermello estupenda

- Coloquémoslle as vogais a este texto:

N_ _n_v_rs_ h_ _ m_ _t_ c_r: g_l_x_ _s _z_ s, v_ _l_t_s,
_m_r_l_s _ n_b_l_s_s d_ t_d_s _s t_n_l_d_d_s.

- Confeccionar un breve diccionario «espacial».
- Ler os outros libros da serie «Anamarciana».
- Eliximos un compañeiro ou compañeira para escribir e debuxar a seguinte aventura desta serie.
- Escribimos a nosa opinión sobre este libro.



Pedidos a:

**Comercial Grupo Anaya
Polígono de Bergondo
1ª Travesía - Parcela B1
15.165 Bergondo (A Coruña)
Telf.: 981 795 656 / Fax: 981 795 660**

XERAIS

Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80
Telefax: (986) 20 13 66
Correo electrónico: xerais@xerais.es
<http://www.xerais.es/>

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro Martínez, 2006
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2006
Depósito legal: VG. 75-2006